

LEITE CON CACAO

Fago un lazo cos cordóns dos zapatos, unha mañá máis. Xa estou cansa deles. Mellor sería ter mercado uns máis prácticos de calzar. Agora xa está.

Boto por riba o mesmo abrigo, outra vez. Polo menos, este ten cremalleira e non botóns, aí escollín ben, é máis rápido.

Este mes xa non levo a bufanda,... xa pasou o frío máis xélido. Xa pasou... pasou tanto tempo!

Entro na cafetería. Luís saúda cun sorriso, creo que algo amargo. Penso que a forza de verme cada día, xa me colleu cariño. Prepárame un vaso de leite con cacao sen que llo pida. Sabe que ten que poñermo quente, porque vou tardar un tempo ollando o xornal que me tiña reservado debaixo do mostrador e que deixou riba da esquina onde me acomodo sempre nada máis entrar pola porta. Cando non apunte nada no meu caderno, ao que cada vez lle quedan menos follas en branco, botarei as mans ao redor do vidro para quecelas. É un bo home o Luís.

Paciencia, Mariña, dime moi a miúdo. Intenta contaxiarme a esperanza, aínda que sabe que hai ben tempo que a deixo nos meus soños de durmida. Eles e os manequíns dos escaparates, nos que miro esa roupa tan fermosa que aínda non podó mercar, coñecen os meus segredos.

Risco no caderno unhas notas e varios números de teléfono. Os primeiros meses un sorriso alumaba o meu rostro con cada novo intento, agora a indiferencia éncheo todo de bafó. Cumpríu un ano o meu título universitario. Alá quedaron as felicitacións e as apertas. Desde entón o meu currículo peta, cada vez con menos forzas, a tódalas portas, de madeira, de cristal, de aluminio; opacas, transparentes, de vivas cores; de manubrio ou eléctricas.

Xa vai o vaso á metade, igual que as forzas, e iso que tan só levo gastadas un par de horas da mañá. Deixo escapar un suspiro. Luís preocúpase. Despois de tres meses almorzando alí cada mañá, ademais de reservarme o diario, decidiu contratarme para as mañás dos domingos. Hai mercado na zona e só non era quen de atender o bar. Non tivo que buscar moito, xa sabía que eu andaba na procura dun traballo e propúxomo. Acepteino porque non é unha esmola, foi o único que entendeu a miña necesidade de ter unha ocupación remunerada. Sorriolle e nego coa cabeza.

Veña, Mariña, seguro que hai un traballo agardando por ti. Non desesperes. Teño a resposta, pero é tan amarga que nin sequera a pronuncio en voz alta.

Pobre Luís, non ve que a que agarda polo traballo, son eu.